

NOTA INFORMATIVA

ALIANZA DOS CLÚSTERS ALIMENTARIO E DA SAÚDE DE GALICIA PARA LIDERAR PROXECTOS DE INNOVACIÓN EN MATERIA DE ALIMENTACIÓN E SAÚDE

- **A través dun convenio de colaboración asinado hoxe en Compostela entre ambas as organizacións para establecer un marco de actuación e colaboración no que intercambiar coñecemento, identificar oportunidades para desenvolver proxectos comúns e levar a cabo accións concretas no ámbito da alimentación e da saúde.**
- **Formalizaron o protocolo o presidente do Clúster Alimentario de Galicia, José Luis Antuña, e o do Clúster da Saúde de Galicia, Ángel Matamoro, en presenza da conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera.**

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2012.- A creación dun novo grupo de traballo en materia de alimentación e saúde liderará desde hoxe en Galicia o deseño e posta en práctica de iniciativas de innovación empresarial para a creación de proxectos punteiros no campo da alimentación desde e para a saúde. Un tándem que debe camiñar xunto desde a base ata o seu destino industrial, a xuízo das dúas entidades que aglutinan os intereses de cada subsector, o Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) e o Clúster da Saúde de Galicia (CSG). Os presidentes de ambas as organizacións, José Luis Antuña Álvarez, polo CLUSAGA, e Ángel Matamoro Irago, polo CSG, asinaron esta mañá un convenio de colaboración a tal efecto.

O protocolo subscribiuse en presenza de dous representantes das secretarías de ambos os clústers e coa presidencia da conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia, Rocío Mosquera, que remarcou a importancia da colaboración entre as dúas entidades. O convenio contempla establecer un marco de actuación para a colaboración entre as partes no tocante a: actividades de intercambio de coñecemento, identificación de oportunidades para desenvolver proxectos comúns e accións concretas no ámbito da alimentación e a saúde. Un primeiro paso compartido para facer realidade un dos grandes obxectivos da industria da alimentación: aproveitar as sinerxias empresa-ciencia para desenvolver novos alimentos máis saudables e seguros para a mellora do benestar e da saúde.

Innovación científica e empresarial para reactivar a economía galega

O convenio, que entrará en vigor hoxe mesmo e terá unha duración de dous anos, podendo ser prorrogado automaticamente por períodos anuais, senta as bases para a alianza a pé de campo de dúas das principais industrias galegas da alimentación e a da saúde, conscientes do potencial empresarial que encerra e dos beneficios socioeconómicos que se poden reportar para a nosa Comunidade.

Un grupo de traballo, formado por representantes de ambos os Clústers, marcará a ruta pola que deberá discorrer a colaboración, así como os protocolos, tempos e operativa de actuación. Unha comisión de seguimento velará polo adecuado cumprimento do convenio.

Varias son as áreas e actividades que abrangue o marco de traballo: desde a identificación de proxectos, pasando polo desenvolvemento mutuo dos mesmos, pola promoción de todas cantas iniciativas se sucedan no seo do acordo, reunións de traballo técnico-científicas, elaboración de estudos de viabilidade e impacto socio-económico, ata proxectos conxuntos de investigación e innovación no ámbito da alimentación e a saúde. Ademais do valor engadido que poidan xerar para a economía autonómica, analizarase e aproveitarase o potencial nacional e de internacionalización que poidan ter os proxectos.

O Clúster Saúde de Galicia, palanca da innovación sanitaria galega

O Clúster Saúde de Galicia ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento económico e social de Galicia, a través da cooperación entre todas as institucións e empresas públicas e privadas relacionadas coa saúde e a sanidade, impulsando a excelencia empresarial no sector, agrupando a empresas, centros de investigación, entidades e institucións para ofrecer novas oportunidades de servizo aos usuarios.

E ten entre os seus obxectivos estratéxicos incrementar a capacidade de investigación, desenvolvemento e innovación da industria da saúde para que desenvolva produtos, servizos e experiencia clínica; consolidar as relacións existentes e crear novos vínculos entre os diferentes actores como verdadeiro impulso da innovación; crear un entorno para o desenvolvemento de empresas e atraer novas institucións; fomentar a interacción do coñecemento e dos mellores profesionais do sector sanitario e da saúde ao noso entorno e acceder a novos sectores e mercados xeográficos.

O Clúster Alimentario de Galicia, motor da innovación e da internacionalización do sector

O Clúster Alimentario de Galicia ten como obxecto contribuír ao reforzo, potenciación, crecemento sustentable e mellora da competitividade e da internacionalización do sector alimentario galego. Este obxecto desenvolverase mediante a promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, e ten entre os seus obxectivos estratéxicos desenvolver a cultura da innovación, establecendo proxectos colaborativos entre empresas e centros de investigación e tecnolóxicos. Para desenvolver os proxectos innovadores o CLUSAGA apoiase na Plataforma Tecnolóxica Galega Agroalimentaria.

Ademais son obxectivos do CLUSAGA impulsar o fortalecemento e a xeración de valor engadido na cadea alimentaria da Galicia mediante o desenvolvemento de novos produtos e procesos e mellorar o posicionamento das empresas alimentarias galegas nos mercados, prestando especial atención á internacionalización e aos mercados en crecemento que están a xerar os cambios na demanda.